

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cortegada para a execución da obra "M.22010- Saneamento na zona suroeste do núcleo rural de Seixomil. Cortegada (Ourense)"**

### **1 Antecedentes**

Na actualidade as vivendas situadas na zona suroeste do núcleo rural de Seixomil carecen de sistema de saneamento colectivo.

### **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cortegada que permitan a este acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións "M.22010- Saneamento na zona suroeste do núcleo rural de Seixomil. Cortegada (Ourense)".

### **3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia**

A rede de saneamento de Cortegada no núcleo rural de Seixomil non presta servizo a todas as vivendas, resultando unha xestión colectiva polo propio concello unha mellor opción desde o punto de vista ambiental.

Se ben ao abeiro do disposto no capítulo II do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, Augas de Galicia presta colaboración financeira coas entidades locais financiando e contratando obras de competencia municipal, neste caso concreto atendendo ao obxecto das obras, á súa necesaria execución, á súa escasa complexidade e á



imposibilidade de contratala e dirixir a execución por Augas de Galicia debido ao volume de traballo do seu persoal de contratación e técnico, resulta máis eficiente que a execución da obra sexa realizada pola Administración local e que a Administración hidráulica de Galicia se limite ao seu financiamento.

Polo exposto, o concello solicitou auxilio económico a Augas de Galicia para executar actuacións obxecto do convenio, co fin de poder prestación un servizo de prestación obrigatoria para o concello.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común,



desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

#### **4 Estimación de custos e financiamento**

O custo total das actuacións contempladas no convenio ascenden a corenta mil euros (40.000,00 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2022.

#### **5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia**

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: 2. Galicia verde e sostible



2. Prioridade actuación: PA 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga
4. Obxectivo operativo: OO02-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
5. Indicadores: P00440/Grao de execución (%)
6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

*(documento asinado dixitalmente)*

